

PARTICIPACIÓN DO IES RIBADEO NO MEP

A alumna do IES RIBADEO, Carmen Eudoxia Díaz Pérez ven de participar na XIII Sesión Nacional do Modelo de Parlamento Europeo, que durante esta fin de semana do 22 ó 25 de febreiro reuniu en Santiago a 80 delegados e delegadas de tódolas comunidades de España.

18 delegacións nas que se discutiron temas de candente actualidade social e política, e sobre os que traballaron nos seus centros de estudio co resto dos seus compañeiros:

- A cidade sostible.
- Fomento da actividade empresarial emprendedora.
- Retos da Unión Europea como potencia económica global.
- Integración de persoas con discapacidade na sociedade.

O traballo da nosa alumna foi seleccionado entre os 4 presentados do noso centro e versa sobre o **Fomento da actividade empresarial emprendedora**.

É a terceira ocasión na que alumnado de Ribadeo resulta elixido para participar neste prestixioso proxecto: **Leticia Gamallo** e **Manuel Díaz** participaron no 2008 (e este último na Sesión Internacional en Bratislava); **M^a Luisa Fernández** en 2009; **Isabel Suárez** e **Laura Rodríguez** en 2011. A súa actitude, esforzo e afán de coñecemento tivo a súa recompensa, e o Centro e o profesorado tamén. **Manuel Díaz** tivo a sorte de participar no 2008 na Sesión Internacional realizada en Bratislava.

A Sesión Internacional deste ano realizarase en Norwich, Reino Unido, do 7 ó 14 de abril.

O MEP (Modelo de Parlamento europeo) é unha iniciativa da Fundación Model European Parliament con sede en La Haya. Naceu no 1994 e desde o ano 2000 o programa organízase en España conxuntamente coa Fundación san Patricio. Está dirixido a alumnado de 1º BACH e Ciclos Formativos de Grao Medio e ten como obxectivos principais:

1. Crear unha conciencia de cidadanía europea entre os xoves.
2. Dar a coñecer o funcionamento das institucións europea, con especial fincapé no Parlamento Europeo.
3. Comprensión, pola vía da experiencia directa, do funcionamento dun parlamento e o traballo que desenvolven os parlamentarios/as.
4. Fomento da formación do criterio propio a través da investigación e a consulta de diversas opinións.